

Docasar esixirá novamente no Parlamento que a Xunta confirme se "ten vontade política" para resolver as demandas do Colexio Infanta Elena, pois "o que non figura nas contas, son contos"

O deputado autonómico preguntará este venres na Comisión de Política Social se o Goberno galego ten previsto afrontar a situación "de desamparo" que están a vivir as familias do alumnado, e considera que a única garantía disto é incluír unha partida específica no Orzamento do vindeiro ano

Esta é a segunda vez que o socialista leva nun mes este asunto á Camara Galega porque "as explicacións que nos foron dadas en outubro non nos convencen en absoluto, pois entendemos que as dúas Consellerías implicadas pásanse a responsabilidade entre elas"

Considera que "a Xunta ten a obriga moral de axudar ás persoas máis débiles", e critica a "suposta alternativa" de envialos a unha macro-residencia lonxe dos seus domicilios, se atopan praza e teñen cartos para pagala, cando os pais propoñen adaptar o actual edificio, facer un novo ou aproveitar un xa existente

O Grupo Parlamentario Socialista preguntará este venres as previsións que manexa a Xunta de Galicia para garantir o servizo que na actualidade presta o colexio de Educación Especial Infanta Elena, de Monforte de Lemos. Así mesmo, Vicente Docasar tamén reclamará ó Partido Popular explicacións sobre que ten pensado facer a Consellería de Trballo e Benestar para paliar a situación "de desamparo" que están a vivir as familias do alumnado que, a día de hoxe, non teñen ningunha garantía de a onde se van enviar os rapaces unha vez que superen os 21 anos de idade. Neste senso, Docasar, asegura que a única proba que pode demostrar o compromiso real da Xunta neste asunto é incluír unha partida específica no Orzamento do vindeiro ano, pois "o que non figura nas contas son contos".

A segunda vez nun mes

O pasado día 22 de outubro, o deputado monfortino Vicente Docasar defendeu no Parlamento outra iniciativa en defensa das xustas reivindicacións da Comunidade Educativa deste centro educativo . Por tanto, "esta é a segunda ven que levamos este asunto nun mes porque as explicacións que nos foron dadas, non nos convencen en absoluto, pois entendemos que as dúas Consellerías implicadas na resolución do problema pásanse as responsabilidades entre elas. Este centro de Educación Especial acolle alumnado con discapacidades físicas e psíquicas do sur da provincia de Lugo, e mesmo de comarcas limítrofes da provincia de Ourense, polo que ben merece o compromiso da Xunta".

"O Goberno galego ten a obriga moral"

O deputado monfortino destaca, así mesmo, que "cremos que o Goberno galego ten a obriga moral de axudar ás persoas máis débiles e con menos posibilidades de defenderse como son precisamente os alumnos destes centros. As familias destes rapaces pregúntanse se os impostos que eles pagan non teñen o mesmo valor que os impostos que pagan o resto das familias con nenos e nenas sen discapacidade". Deste xeito, critica que a única alternativa que se lles ofrece actualmente é envialos a algunha macro-residencia lonxe dos seus domicilios, se atopan praza e teñen cartos para pagala, a pesares de que os pais dos rapaces propoñen adaptar o actual edificio, facer un novo ou aproveitar un existente.

Coa actual normativa en vigor, este alumnado ten que abandonar o centro unha vez cumpridos os 21 anos, situación que leva ás súas familias a unha situación de profunda desesperanza e desasosiego, xa que estes rapaces terán que permanecer nas súas casas ou desprazarse a centros afastados do seu domicilio ou con características moi distintas ás que teñen no centro actual.

Esa circunstancia trae como primeira consecuencia a perda de destrezas e de habilidades que con grande esforzo adquiriron na súa etapa de escolarización. Tanto o equipo directivo dese colexio como a ANPA levan feitas moitas xestións coas diferentes autoridades da Xunta de Galicia ao longo dos últimos anos para solucionar esta problemática, pero ata o de agora con nulo resultado.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que o Goberno de Galicia (sexo a Consellería de Traballo ou a de Educación) ten a responsabilidade de atender as necesidades do conxunto da poboación, pero moito máis as das persoas que teñen dificultades para poder desenvolver as súas vidas e que necesitan de apoio especial, "pois non hai que esquecer que estamos a falar dun colectivo con problemas de discapacidade física ou psíquica".

Vicente Docasar rematou dicindo que os deputados e deputadas que forman parte do Parlamento teñen a "obriga de traer a esta cámara de representación do pobo galego as demandas que nos plantexa a sociedade, pero moito máis se cabe cando se trata de axudar ás persoas máis débiles e con menos posibilidades de defenderse. Nada xustificaría, nin sequera a manida crise económica, deixar abandonados á súa sorte a estas familias e aos seus fillos e fillas", concluíu.

27 de novembro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo